Signature Not Verified
Digitally signed by Rexistro Entrada
Date: 2015.02.03 15:12:20 +01:00
Reason: 32960
Location: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2015 16:30
Nº Rexistro: 32960
Data envio: 03/02/2015 15:11:16.004

GRUPO PARLAMENTAR AGE Alternativa Galega de Esquerda

anova BNG equo

**Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO**

**Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, integrantes do **Grupo Parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na comisión,** relativa ás baixas e enfermidades da plantilla da residencia de maiores de Oleiros.

A residencia de maiores de Oleiros ten como problema de sempre a enorme carga de traballo que comporta para as traballadoras e traballadores do centro ao ser unha residencia ocupada por persoas con gran dependencia (284 prazas autorizadas) e cuxos residentes teñen unha idade media de 85 anos.

A maiores no centro faltan unhas normas de traballo claras (ausencia de protocolos de actuación) o que repercute negativamente na saúde da plantilla, ao traverso de diversas doenzas ao estar exposta a situacións de estrés e outros riscos psicosociais, con alteracións musculoesqueléticas, dermatolóxicas ou inmunitarias entre outras.

En atención ao referido, o grupo parlamentar da AGE presenta a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión:

- Cales son os dados absolutos e porcentuais referidos á plantilla da residencia de maiores de Oleiros en materia de baixas médicas nos últimos dous anos en dados tamén desagregados por meses?
- Que avaliación de riscos psicosociais realizou no centro o servizo de prevención de riscos da Xunta de Galicia en resposta á petición da plantilla?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/02/2015 16:30
Nº Rexistro: 32960
Data envio: 03/02/2015 15:11:16.004

- Que emdidas vai adoptar de urxencia a Xunta para corrixir esta anómala situación que lesiona ás traballadoras e traballadores do centro?

En Compostela, 3 de febreiro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 03/02/2015 15:06:46**

**Eva Solla Fernández na data 03/02/2015 15:06:49**